

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 03 DE DECEMBRO DE 2007.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia do señor tenente de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e a concelleira **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora Municipal **DONA ANA M^a LOUREIRO SILVA**.

Non asiste: **D^a OFELIA REY RECIMIL**
D^o JAVIER CUIÑA MACEIRA

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

3º.- SUBVENCIONES.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito da Delegación Provincial de Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Rexistro de Entrada nº 7599, de data 30 de novembro de 2007, remitindo ficha estatística correspondente a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, do segundo semestre do ano 2007, para súa cumplimentación.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito ó responsable da OMIX, Sr. Abeledo Penas, para súa cumplimentación e posterior remisión.

1.2.- Escrito de D^o José Filloy Fernández, Rexistro de Entrada nº 7564, de data 28 de novembro de 2007, solicitando autorización para instalación de publicidade nas vallas publicitarias ubicadas na entrada da Avda. do Parque de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda requerir o peticionario para que, no prazo de dez días contados a partir dende o día seguinte o da notificación deste acordo, aporte a seguinte documentación: Nome da empresa distribuidora e anunciante, C.I.F., Dirección, teléfono e correo electrónico da empresa, datos relativos ó anuncio e reprodución do mesmo.

1.3.- Dase conta do escrito presentado por Dona Francisca María Rodríguez Ambrosio, procuradora dos tribunais, en representación do Concello de Silleda, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo número un de Pontevedra, en data 25 de novembro de 2.007, en relación ó procedemento ordinario número 204/2007, interposto por Dona Julia Carballo Arceo e Don Luis Xulio Carballo Arceo, contra o Concello de Silleda e Agustín Chaira S.L.

Visto que no devandito escrito, e de conformidade co disposto no artigo 54.2 da Ley da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, se solicita a suspensión do procedemento por tempo non superior a vinte días, a fin de exponer ante este Concello o parecer en relación coa eventualidade de que o acto obxecto de recurso sea contrario a dereito

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

- 1.- Solicitar que se emita informe técnico e informe xurídico en relación coa legalidade do procedemento tramitado para a aprobación do expediente de “Delimitación de unidade reparcelable e de reparcelación xeométrica de parcelas situadas entre a rúa San Isidro e a rúa José Antonio (Silleda)”, dado que é posible que o mesmo sea contrario a dereito.
- 2.- Notificar ó presente acordo ós interesados no procedemento.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.-Programa CASCARÓN - Servizos “Esperta con Nós” e “Espazo Divertido”.

Dase conta do expediente de contratación dos servizos “Esperta con Nós” e “Espazo Divertido”, dentro do Programa Cascarón, cun orzamento máximo de 23.400,00 €.

Visto:

- o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas,
- o expediente confeccionado,
- o Certificado de existencia de crédito
- os Informes de Secretaría e Intervención, de 30 de novembro de 2007

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primero.- Aproba-lo expediente.

Segundo.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que rexirá o contrato.

Terceiro.- Aproba-lo gasto correspondente por importe de 23.400,00 €.

Cuarto.- Dispoñe-la apertura do procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, conforme o artigo 141 do TRLCAP, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Quinto - Cumpli-los demais trámites preceptivos de impulso ata a formalización do oportuno contrato.

3º.- SUBVENCIONS.-

3.1.- En relación ó programa de actuación para a eficiencia enerxética dirixido especificamente ós concellos, para suministrar ópticas de diodos LED, do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía-Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, convocatoria de axuda publicada no BOE do pasado día 28 de setembro de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a participación deste Concello no programa anteriormente mencionado.

2º.- Comprometerse, no caso de ser beneficiados da axuda, a cumprir as obrigas descritas e os prazos estipulados nas bases do referido programa.

3.2.- Dase conta do recurso de reposición interposto en data 17 de novembro de 2007, con número de rexistro 7389, por Dona Carme Fidalgo Colmeiro, Concelleira do BNG, contra o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 19 de outubro de 2007 de aprobación das “Bases de selección para a contratación de traballadores/as desempregados/as para a prestación de servizos de interese xeral ou social”, por considerara que non se puntúa debidamente ás persoas en risco de exclusión social e porque deberían facerse dúas convocatorias distintas.

Visto o disposto na Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2007, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria, publicadas no DOGA nº 40 de data 26 de febreiro de 2007.

Visto que o Concello de Silleda deu cumprimento o disposto na citada Orde, e concretamente o disposto no seu artigo 12, referido á selección dos traballadores e traballadoras, que sinala o seguinte:

1.-Os traballadores e traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.É obriga do Concello solicitar os traballadores e traballadoras desempregados/ as que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina de emprego correspondente, nos modelos normalizados para o efecto. O Concello de Silleda deu cumprimento a tal requisito mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Lalín, en data 19 de outubro de

2.007

2.- Recibida a oferta pola Oficina de Emprego, realizarase por ésta unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria tendo preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como mulleres vítimas de viloencia, persoas en paro de longa duración, condiscapacidade, desempregados de máis de 45 anos, e demais persoas sinaladas no artigo 12.3 da Orde de 31 de xaneiro de 2.007

De conformidade co exposto, a Oficina de Emprego ten a obriga de enviar ó Concello de Silleda a candidatos/as que reúnan os requisitos de preferencia que determina o artigo 12.3 das bases sinaladas, sendo obriga do Concello de Silleda efectuar a selección e contratación de entre os candidatos remitidos pola Oficina de Emprego, candidatos que cumpren os requisitos esixidos pola Orde de 31 de xaneiro de 2.007.

Conforme ó sinalado, o Concello de Silleda non ten a obriga de establecer, dentro dos criterios de selección dos traballadores, os criterios establecidos no artigo 12.3 da Orde de 31 de xaneiro de 2.007, posto que tal obriga é establecida para a Oficina de Emprego, non para as Entidades Beneficiarias da subvención, neste caso, o Concello de Silleda. Unha vez que se remiten ó Concello as persoas candidatas seleccionadas pola Oficina de Emprego conforme a tales criterios, procederase a facer a selección entre as mesmas con arranxo ós principios establecidos nas “Bases de selección para a contratación de traballadores/as desempregados/as para a prestación de servizos de interese xeral ou social”, dado que nada impide que o Concello de Silleda estableza os criterios de selección que considere máis axeitados de conformidade cos principios establecidos na Constitución Española e na Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.- En canto á procedencia de efectuar dúas convocatorias distintas con bases distintas, unha para o PIEG-EXCLUSIÓN SOCIAL e outra para O PIEG NOS CONCELLOS RURAIS, a Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases non establece tal esixencia, polo que non resulta contrario ás mesmas seleccionar a todo o persoal a traves dunha mesma convocatoria.

Vistas as razóns expostas e visto que non concurren nas “Bases de selección para a contratación de traballadores/as desempregados/as para a prestación de servizos de interese xeral ou social” aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 19 de outubro de 2.007 ningunha das causas de nulidade de pleno dereito e de anulabilidade establecidas no artigo 62 e 63 da Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Desestimar polas razóns expostas o recurso de reposición interposto en data 17 de novembro de 2.007, con número de rexistro 7389, por Dona Carme Fidalgo Colmeiro, Concelleira do BNG, contra o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 19 de outubro de 2.007 de aprobación das “Bases de selección para a contratación de

traballadores/as desempregados/as para a prestación de servizos de interese xeral ou social”

SEGUNDO: Notificar ó presente acordo á interesada.

3.3.- ADHESIÓN AOS PROXECTOS QUE FOMENTEN PACTOS, REDES, ASOCIACIÓNS E APOIO ÁS INICIATIVAS LOCAIS PARA O EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL, DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007 – 2013, QUE PRESENTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN VIRTUDE DA CONVOCATORIA 2007, PREVISTA NO EIXE 2 DO PROGRAMA OPERATIVO “ADAPTAVILIDADE E EMPREGO” REXIÓNS CONVERXENCIA, COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA”.

A Xunta de Goberno Local, enterada da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente a Convocatoria de Axudas FSE 2007 – 2013, acorda por unanimidade:

1. - **Adherirse** aos proxectos que fomenten pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, durante o periodo de intervención 2007 – 2013, que presente a Deputación Provincial de Pontevedra en virtude da Convocatoria 2007, prevista no EIXE 2 do Programa Operativo “ADAPTAVILIDADE E EMPREGO”, Rexións Convergencia, Comunidade Autónoma de Galicia” de axudas FSE.

2. - **Asimismo, comprométese a consignar no orzamento municipal** os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo os devanditos fondos.

3.4.- ADHESIÓN AOS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBÁN DURANTE O PERIODO DE INTERVENCIÓN 2007 – 2013, QUE PRESENTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, EN VIRTUDE DA CONVOCATORIA 2007, PREVISTA NO CORRESPONDENTE PROGRAMA OPERATIVO REXIONAL DE GALICIA, DE AXUDAS FEDER, DENTRO DO EIXE 5 “DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO””.

A Xunta de Goberno Local, enterada da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente a Convocatoria de Axudas FSE 2007 – 2013, acorda por unanimidade:

1. – **Adherirse** aos proxectos de desenvolvemento local e urban durante o período de intervención 2007 – 2013, que presente a Deputación Provincial de Pontevedra en virtude da Convocatoria 2007, prevista no correspondente Programa Operativo Rexional de Galicia, de axudas FEDER, dentro do EIXE 5 “Desenvolvemento Local e Urbano””.

2. – **Asimismo, comprométese a consignar no orzamento municipal** os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo os devanditos fondos.

4º.- URBANISMO.-

4.1.- Actividades Clasificadas

4.1.1.- Licencia N° 3705/07. Visto o expediente instruído a instancia de PERFIS 2000 SERVICIOS S.L., solicitando Licencia para apertura de local para dedicalo a despacho profesional, ubicado na rúa Camilo José Cela, nº 2-1ºB de Bandeira (Silleda).

RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.

RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 25 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7141, de data 06 de novembro de 2007) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, S.C.D., produción de ruidos, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) A traballar coas portas e fiestras pechadas. Tódolos residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

4.2.- Licencia de primeira ocupación

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos municipais en data 28 de novembro de 2007, en virtude do cal, se constata que as obras efectuadas na Rúa Xeral nº 60, Travesía Vista Alegre, nº 7 de Bandeira (Silleda) se executaron de conformidade co proxecto e condicións da licencia nº 1415/05 concedida a URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L. (URBADEZA) por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2005, para a

realización de edificio composto de planta soto para garaxe, planta baixa para local comercial, catro e tres plantas altas para 20 vivendas (VPA) e planta baixo cuberta para trasteiros, e que resulta apto para a súa posta en uso.

Visto que de conformidade co disposto nos artigos 21.2 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, está suxeita a previa licencia a primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral.

Visto o disposto no artigo 195.6 da lei 9/2002 LOUPMRG.

Visto que o órgano competente é a Sra. Alcaldesa, segundo dispón o artigo 21.1q) da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local; competencia que, en virtude de Decreto de data 6 de xullo de 2007, foi delegada na Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Conceder a URBANIZACIONES DEL DEZA, S.L. licencia de primeira ocupación do edificio sito na Rúa Xeral, nº 60 e Travesía Vista Alegre, nº 7 de Bandeira (Silleda), autorizando a posta en uso do mesmo, toda vez que, da documentación que figura no expediente e do informado polos Servicios Técnicos municipais, quedou acreditado que as obras executadas se corresponden co proxecto da licencia de obra maior nº 1415/05.

Segundo: Aprobar a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, de onde resulta un total de 409,84 euros.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Interventora do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00025-07, de data 03 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 9.041,73 € (Relación en Anexo adxunto)

Asimesmo, acorda aprobar a relación de facturas correspondente a débedos contraídas pola Corporación anterior, nº 00026-07, de data 03 de decembro de 2007, ascendendo a mesma a un importe total de 30.005,56 €. (Relación en Anexo adxunto)

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acctal., dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,